

CONVENIO DE ENSEÑANZA CONCERTADA (Mesa Negociadora 21-02-24)

PREOCUPACIÓN POLA NEGATIVA DAS PATRONAIS A FIRMAR TÁBOAS SALARIAIS PARA O ANO 2023

As organizacións sindicais FSIE, FEUSO, UXT Servizos Públicos, CCOO e CIG manifestamos na Mesa Negociadora o noso rexeitamento á negativa das organizacións patronais a asinar pola súa banda as táboas salariais para 2023 incluíndo a subida do 0,5% aprobada en outubro de 2023 e outro 0,5% aprobado en febreiro de 2024.

A patronal argumenta que a Disposición Adicional Terceira do Real Decreto Lei 8/2023, que establece o mecanismo para que as administracións competentes en materia educativa recalculen os módulos para 2023 incluíndo o MEI e as dúas subidas salariais en todas as partidas, non lles dá seguridade xurídica. Consideran que o Ministerio debe publicar novos módulos no BOE e, xunto á negativa para asinar táboas en tanto non exista esa publicación, propuxeron que a Mesa Negociadora dirixísemos un requirimento ao Ministerio de Educación para que proceda á publicación dos módulos.

As organizacións sindicais rexeitamos esta proposta:

- Consideramos que a D. A. 3ª do R.D-L 8/2023 (BOE 27-12-23) establece de forma clara o mecanismo para seguir para o recálculo dos módulos do 2023. É unha norma que dá garantía xurídica. □
- Consideramos que o RD-L 8/2023 establece o procedemento para seguir non sendo necesario realizar ningún requirimento ao Ministerio por parte da Mesa Negociadora. □
- Os incrementos do 0,5% de outubro e do 0,5% de febreiro prodúcense en todas as partidas dos módulos dos concertos e deben aplicarse aos salarios do persoal docente en pago delegado e tamén ao PAS, persoal complementario e docentes de niveis non concertados. □
- Propuxemos axilizar a negociación e que íamos estudar outras opcións se non hai avances nas próximas semanas. □
- Fixouse a próxima reunión para o 12 de marzo.